



lanzadeXras

tema 8: marca persoal

módulo 32

diferenzas



tema 8: marca persoal

módulo 32

semana 8 | día 4

lanzadebras



lánzate á aventura de emprender

índice do módulo

ÍNDICE TEMÁTICO

semana 1 | identidade

semana 2 | persoas

semana 3 | habilidades

semana 4 | estratexia

semana 5 | mercadotecnia

semana 6 | creatividade

semana 7 | xestión

semana 8 | marca persoal

semana 9 | comunicación

ÍNDICE MODULAR

módulo 29 | melloras

módulo 30 | necesidades

módulo 31 | cambios

módulo 32 | diferenzas

ÍNDICE DO MÓDULO

resumo teórico | páxina 04

exemplo | páxina 08

videotutorial | páxina 09

GramolaEmprendedora



Escoita
Work

Rihanna&Drake





tema 8: marca persoal

módulo 32

semana 8 | día 4

lanzade vas

o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

15



Xa comezaches a mudar a túa pel? Xa sabes que vas facer, por que o vas facer, cando e que esperas conseguir facéndoo? Se é así: parabéns! Se non, a que esperas?

A vida é demasiado curta para desaproveitala. Dámosche unhas últimas pistas para poñerte ao choio. Esfórzate en demostrar unha vocación de servizo extraordinario. Á xente gústalle a xente que axuda. Concéntrate en poñer en práctica habilidades extraordinarias polas que pague a pena compartir o teu espazo. Afánate en dotarte duns atributos técnicos extraordinarios. E procura cultivar unhas relacións sociais extraordinarias que se abran a un horizonte de prescrición e recomendación infinita.

Faite extraordinario! Diferénciate! Non esquezas que na diferenza, que non a extravagancia, está o éxito. E que como dicía Margaret Thatcher “Se non es diferente es igual. E entón, que?” Entón nada! Así que sae do ordinario e ofrece ao mundo os teus extras. Constrúe! Constrúe diferenzas! Constrúe pontes! E concentra toda a túa vida en construír, pois “máis vale ser un construtor mediocre que un criticador fóra de serie”, como afirmaba Stephen Covey. Diferénciate!

Diferénciate como produto, desde o nome aos atributos, desde os valores ata as diferenciais. Diferénciate ofrecéndote, sen pedir nada a cambio no teu lanzamento e apreciándote, aos poucos, en consonancia co teu valor como produto.





tema 8: marca persoal

módulo 32

semana 8 | día 4

lanzadebras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

Diferénciate “ubicuízándote”, mellorando a túa imaxe, o teu escarparte físico e virtual e a túa presenza social.

Diferénciate comunicándote como diferente grazas a unha mensaxe orixinal, a un lema con xeito e resoante e a unha historia inspiradora. E lembra: “Sen fantasías non hai soños. Sen soños non hai acción. Sen acción non hai crenzas. Sen crenzas non hai emoción. Sen emoción non hai movemento. E sen movemento non hai nada”. Así que fantasea, soña, actívate, cre, apaixonate, móvete e cambia para conseguir cambiar o mundo. Se queres, ti podes! Non o dubides e ponte en marcha. Porque, como dicía William Shakespeare, “nada chega de non facer nada”. Iso mesmo debeu pensar Romeo a primeira vez que viu a Xulieta!



tema 8: marca persoal

módulo 32

semana 8 | día 4

lanzadebras

aprender do que outros fixeron con mestría


exemplo



RISTO MEJIDE

Para exemplificar como promocionar a nosa marca persoal remitímonos a Risto Mejide, un experto en converter a súa vida e as súas accións en publicidade. Como personaxe de actualidade, mediático e polémico, os seus movementos son analizados punto por punto, e sempre sementan a dúbida de se son unha campaña publicitaria ou unha acción sen ánimo de lucro.

En 2012 foi elixido un dos Mellores Creativos do Ano. Desde entón, as súas redes sociais mídense en “kas”, converténdose en 2013 na conta persoal máis influente de España.



a hemeroteca de Paula



lanzadebras

fotogramas que valen máis que mil verbas

videotutorial

ALBA GALOCHA

<https://www.youtube.com/watch?v=FrWi9GdJSIg>



a videoteca de Alba

Unha vez definidos o produto, o prezo e a praza debemos promocionar o noso produto. Do mesmo xeito que nas empresas, a marca persoal tamén debe ser promocionada por distintos medios. Alba Galocha, neste pequeno vídeo, promociona a súa nova película e a súa propia marca persoal anunciando ao público a súa decisión de tentar seguir un novo camiño, que é o de ser actriz.

A promoción non é só publicidade, é a forma na que decidimos comunicar todo o relacionado co noso produto.



XUNTA
DE GALICIA